



De metáforas y autismo

↓ Ricardo Saavedra Fernández-Combarro

Úa das herencias máis nefastas na tradición filolóxica é a metáfora qu'entende as llinguas como seres vivos xoncidos a especies orgánicas, susceptibles, por tanto, de ser clasificadas en función da súa evolución y del sou ADN.

Fai máis d'un século, á solombra del positivismo y prendidos cúa febre das ciencias naturais, os filólogos tiveron que sentir daqué de complexo d'inferioridá condo miraron pa os sous traballos y los atoparon imprecisos, asistemáticos, tan de mentira... Pa nun quedar por detrás tentaron d'equiparar as humanidades al mesmo grao de rigor científico, á mesma forma d'obxetividá, y chegou llougo el resultado: os troncos llingüísticos y as súas ramificacións, as familias de llinguas, a evolución das palabras, as súas filiacións xenéticas y a madre que las paríu a todas (ou indoeuropeo). Haeckel dictaba y outros, entoncias, aprovetaron p'amañallo á filoloxía: tomaron a ontoxenia y a filoxenia pa vistirse de veracidá. É dicir, esencialismo puro como metáfora pa describir y explicar constructos humanos, culturais, qu'é lo que son as llinguas.

El problema nun foi fer uso da metáfora, úa das miyores bases pa enanchar el conocimiento del mundo. El problema é crer nella, inda hoi, como si fora un enunciado literal (con todas as súas consecuencias), confusión qu'os enfermos d'autismo nun son quén a evitar: pa ellos todo nel mundo é literal y d'ei que nun podan relacionar lo obxetivo con sentimentos y emocións, nin estremar lo qu'úa metáfora tén de figurao. Ei ta a falacia: as llinguas nun son, a todos os efectos, seres vivos vinculaos sin remedio a úa gran fruxe na qu'han a mirarse pa comprender el sou

ser. Por eso, condo daquén apela á tradición románica, asentada nos parámetros d'esta metáfora esencialista, p'afirmar categóricamente lo qu'é ou deixa de ser a llingua del Navia-Eo, pódese pensar en dúas opcións: 1) é autista (sépalo ou non); 2) nun é autista, pero fai como que lo é con intencións que nun explícita por algúa razón (y aquí as posibilidades dispararíanse).

Pensemos que si os complexos d'inferioridá da filoloxía naceran anguano y tentaran de superarse mirando pal capitalismo de ficción nel que parece que nos movemos, as llinguas conceptuaríanse ben seguro como marcas comerciais nun exercicio metafórico ben sencillo y nada traumático, asomeñao nel sou proceso al qu'asocedeu nel século XIX. Os intelectuales das opcións 1 y 2 competirían por ferse col mayor número posible d'accións das empresas filolóxicas y trabayarían en campañas de márketing con tal de chufar y comercializar os sous productos, de fellos máis atractivos. Habería absorcións de sistemas fonéticos, compraventas de caudal léxico, grandes holdings orientaos a controlar a produción llingüística dos pequenos falantes. ¿Quén iba ser entoncias el máisimo llingüista, Steve Jobs, Bill Gates, Emilio Botín? En cualquier caso, el valor da fala eonavega medírase según criterios de productividá y competitividá y acabaría nel buche d'outra compañía máis grande, arrometúa y potente nel mercao. ¿Qué máis dá chamarye "tronco galaico-portugués" ou "IBEX-35"?

